

**DEUS...,  
NON QUERE  
CALDERILLA**

ELENCO

MATEO  
SALOMÉ  
RAQUEL

## ESCENA I

### 01 No puedo sentarme

*Escena valeira, unha cadeira no medio..., a súa veira unha saca de cor vermello..., Ao fondo distintos adornos...*

*Ao pouco entra Salomé por un lado fregando o chan... Polo outro Raquel da mesma forma... Avanzan co cepillo de xeonllos de cara atrás. De vez en cando botan unha mirada a saca con desconfianza. Non se decatan da chegada de Mateo..., bótanse enriba dela. Mateo anticipase e cóllea.*

MATEO: *Ensinándolles a saca... Buscades isto.*

*Erguen e saen... Mateo bota un cínico sorriso... Senta na cadeira... Abre a saca cando vai sacar algo de dentro... Escóitase a voz de Salomé...*

SALOMÉ: *Mateo...!!, Mateooo...!!!*

*Ao escoitala... Cerra rapidamente...*

MATEO: *Baixou Deus...*

SALOMÉ: *Blasfemo.*

*Ruídos..., alguén se acerca, chega Salomé senta no colo. Facéndolle cóxegas.*

SALOMÉ: *Que data é.*

MATEO: *Intentando esquivar as cóxegas. Non sei.*

SALOMÉ: *Domingo*

MATEO: *Ah...!!!, non levo a conta.*

SALOMÉ: *Que sucede neste data...*

MATEO: *Rascando a cabeza... Nin idea...*

*Dándolle un empurrón para que erga. Ponse a dar voltas pensando pola escena.*

MATEO: *Xogar a partida.*

*Ana arrímase, dálle unha aperta e un bico na meixela...*

SALOMÉ: *Frío..., frío...*

MATEO: *E...*

SALOMÉ: *Como que, e..., fágoche un refresco...*

MATEO: *Non esta demais..., empeza a subir a temperatura...*

*Salomé separase de Mateo..., este vai de cara a outra veira. Mentres intenta abrir a saca...*

MATEO: *Esquece malas tentacións. Solta un sorriso.*

SALOMÉ: *Un billete...*

MATEO: *Para...*

*Da media volta e vai de cara a saca. Estirando a man.*

SALOMÉ: Para..., para o noso señor.

*Mateo senta na cadeira collendo a saca...*

MATEO: A Deus..., o que é de Deus.

SALOMÉ: Tacaño.

*Mateo deixa a saca de novo no chan, Salomé senta de novo no colo intentando collela coa outra man.*

SALOMÉ: Non miro..., deixas algo nesta man. *Estira a outra man...*, Que van dicir os veciños se non dou esmola na cesta. Polo baixo, chamaranme de todo, serás capaz que falen da túa irmanciña por detrás. Billete arriba..., billete abaixo, na saca non se nota.

MATEO: É o mesmo..., subir que baixar...

SALOMÉ: Non. Se baixo vou a un lado..., se subo, de cara outro.

MATEO: Os billetes..., necesitan moita tranquilidade..., non andar de man en man.

*Saca unhas cadelas do peto..., déixallas caer na man. Coa outra apártalle a outra da saca e ergue. Mentres Salomé mira para a man coas cadelas.*

SALOMÉ: Isto que é.

MATEO: A esmola que dicías.

*Mentres empeza andar bota un sorriso. Salomé tira con rabia ás cadelas ao chan. Vaise.*

SALOMÉ: Acordaraste del.

MATEO: *Dando media volta.* Acordase el, mais de min.

*Antes de saír..., choca con Raquel.*

RAQUEL: Na túa procura ando.

MATEO: *Dando media volta.* Nin a máis mínima intención de gastar verbas hoxe contigo. *Facendo acenos coa man.* Podes retirar.

*Raquel mira a un lado e a outro.*

RAQUEL: Falas comigo.

MATEO: Ves alguén mais.

RAQUEL: Non.

*Mateo senta de novo na cadeira ..., deixa a saca no chan.*

MATEO: Cinco minutos... Empezan... Xa!!!

*Raquel vai de vagar de cara el..., senta no colo.*

MATEO: Moi cariñosas..., estades hoxe.

RAQUEL: Estades..., soa a moitos... Alguén na procura do bote.

MATEO: Saca..., a recado.

RAQUEL: Que data é.

MATEO: Outra.

RAQUEL: Outra que...

MATEO: Túa irmán coa mesma teima. Dende que pasei a vida pasiva, non sei de datas.

RAQUEL: Está moi sinalada no almanaque. Normalmente en vermello.

*Mateo ergue de golpe deixando caer a Raquel ao chan... vai de cara a outra veira... deixando a saca.*

MATEO: Agora que non traballo, empeñadas estades que leve a conta delas. Tráema frouxa na cor que estea, por min ata o poden por en azul celestial.

*Raquel intentando meter a man na saca...*

RAQUEL: Abre maldita...

MATEO: Falas con alguén.

RAQUEL: *Ergue disimulando.* Nada..., nada..., trilleime os dedos.

*Mateo da media volta..., Raquel sacódeos...*

MATEO: Para próxima..., coidado onde os metes.

RAQUEL: Aínda por riba... Acabas de tirarme.

*Mateo volve dar media volta..., Raquel volve intentar abrir a saca...*

MATEO: Onde quedamos.

RAQUEL: Abre..., mal nacido.

MATEO: *Ao escoitala.* Escoitei ben...

*Raquel ao decatarse do que dixo vai correndo de cara Mateo antes de que dea media volta.*

RAQUEL: Non escoitaches nada. Pensaba en alto.

MATEO: Para próxima, un pouco de coidado. Se chega a estar outra persoa que ía pensar dunha dama.

RAQUEL: Non che falta razón. Anda achega a cadeira. Vou contarche algo que non é mentira.

*Mateo dando media volta, polo baixo...*

MATEO: Cheira a chamusco..., algo trae entre mans.

*Raquel detense, da media volta e cólleo polo brazo.*

RAQUEL: Moi desconfiado es. Solo tes que escoitar.

MATEO: Desconfiado eu.

RAQUEL: Pai púxoche ese nome por iso.

MATEO: Déixame que o vexa, vou explicarlle dúas cousas.

RAQUEL: Da igual..., agora esta feito.

MATEO: Logo esquecedes.

RAQUEL: Senta e atende.

*Mateo senta, colle a saca meténdoa entre os brazos. Raquel intenta sacarlla.*

RAQUEL: Deixa no chan.

MATEO: Por...

RAQUEL: Estarás máis cómodo.

*De mala gana deixa no chan.*

MATEO: Non cargues a mente de malas intencións.

*Raquel separase dous pasos...*

RAQUEL: Mírame..., ves malas intencións.

MATEO: Aviso..., antes de disparar.

*Raquel volve a sentarse no colo... Coa man intenta abrir a saca...*

RAQUEL: Domingo..., día de misa..., o peto non vai quedar baleiro.

MATEO: Cuspidiña a túa irmán. Aforremos sermóns. *Saca unhas calderillas do peto.*

Cerra a man e estira a man.

RAQUEL: A orde comandante.

*Cerra os ollos e estira a man... Mateo deixa caer unhas cadelas botando un sorriso.*

MATEO: Está.

*Raquel abre os ollos de golpe..., tira ás cadelas ao chan.*

RAQUEL: Miserable...!!!

*Ergue e sae a toda presa.*

MATEO: Que traballe, coma os demais mortais.

RAQUEL: *Dando media volta.* Arderás no inferno.

MATEO: Si o dis.

*Mateo ergue..., dálle dous nos a saca..., aperta e sae tamén.*

## **02 Cerca de las estrellas**

### ESCENA II

*Volve Mateo coa cabeza baixa..., no medio da escena detense..., pensa uns segundos e ergue a cabeza de cara o ceo..., estira o brazo, sinalando co dedo índice o ceo.*

MATEO: Contigo, quero ter unhas verbas a solas.

*Queda calado esperando resposta. Cando non chega...*

MATEO: Estando os dous, ninguén mais... acovárdaste!!!

*Faise silencio..., volve esperar.*

MATEO: Non esperaba moito de ti. Sempre con intermediarios. Da a cara... De home a home.

*Mateo saca a camisa..., empeza a dar voltas pola escena... Detense. Entran Salome e Raquel ao escoitalo*

MATEO: Esta ven. Pon as orellas, ás cousas dígoas unha vez.

*Empezan a andar de cara atrás.*

SALOMÉ: Toleou.

RAQUEL: Chssss...!!!, camiña.

MATEO: *Colle a saca e érguea de cara o ceo.* Mira ben..., última vez que a ensino. É miña, non volvas enviar a ninguén por ela.

*Espera contestación.*

MATEO: De covardes non dar a cara. Defenderaste polo menos.

*Sube encima da cadeira..., empeza a facer acenos coa man para que baixe.*

MATEO: Baixa... se es tan home como din... *Queda calado.* Ah...!!! Divino. Da igual..., aínda que sexa como espírito, asoma..., falamos polas boas ou ás bravas.

*Raquel e Salomé asoman..., ao escoitalo fan a sinal da cruz.*

MATEO: Ben..., rebaixo o xenio, din que es home de paz, falemos no teu idioma. Négao, basta que fagas un pequeno son. Máis ou menos coma este. *Solta un asubio.* Será suficiente. Acaso non dixeches, e o esculpiches nunha pedra para que ninguén o borrarse. Que recorden e on sexto, non si. Non roubarás Este mandamento mándanos respectar as cousas dos demais e utilizar as nosas para facer o ben.. Para cumprilo, non debemos apropiarnos do que non sexa noso e debemos evitar causar dano ao que teñen os demais.. Pagar o xusto ás persoas que emprego e cando son empregado cumprir co traballo para o que fun contratado.

Fixen breve resumo, lectura entre liñas, o resto para o palleiro. Algo a engadir ou Cambiar.

*Volve quedar en silencio a espera. Mentres baixa da cadeira..., da voltas pola escena..., detense mira de cara arriba ergue os brazos... volve dar voltas...*

MATEO: Non teño todo día, quedamos nun pequeno asubío..., suficiente. Vale estalo meditando, son tranquilo. Temos todo día para que estudes as verbas que acabo de dicir. Se hai algo que engadir engádese... Fixen de canteiro moitos anos, non teño problema en coller ás táboas e facer un comentario. Se pola contra hai algo demais, collo a rebarbadora e borro. Nos tempos que estamos a modernidade danos esas vantaxes. Se ves que pode quedar pouco pulido, fago con láser. Mira que estou de boas poño a tecnoloxía aos teus pes. Mira que bo son, se non teño a ferramenta no taller, alúgoa.

*Senta na cadeira esperando...*

MATEO: Non me amoles, poño todo na tixola..., segues sen abrir a boca. Para que veñan ás miñas irmáns chamarme de todo. Mágoa non estean presentes, non se lles ocorrería volver abrilas.

*Segue dando voltas...*

MATEO: Paciencia a esgalla, parvo non...Chegado este punto, a dúbida pode invadirte..., ou o medo escénico. Que van dicir os demais que baixes a falar comigo despois de tantos anos tras o pano, dirixindo o destino dos homes..., tamén das mulleres. Para que logo non me chames machista. Para que os nervios non te traizen deixo a saca aos pes da cadeira. Saio..., nun intre volto. Queda entre colegas non abro a boca. Dou unha volta a maza. Tempo suficiente para levantala.

*Mateo colle a camisa, pona e sae...*

MATEO: O dito.

### ESCENA III

*Chegan Rael e Slomé facendo a sinal da cruz...*

RAQUEL: Nai que nos pariu. Escoitaches o que escoitei.

SALOMÉ: O mesmo..., nin unha verba máis nin unha menos.

*As dúas ao ver a saca, detéñense..., quedan mirándoa...*

RAQUEL: Deixámola para outro día..., teremos que mirar pola saúde do noso irmán.

SALOMÉ: Metémoslle tanta presión que tivo un corto circuito. Os miolos derretéronse e empeza a perder rego. Xa fala con sigo mesmo. Iso é tolería. Se o metemos no manicomio.

RAQUEL: E como. Ás forzas non lle fraquean. Viches como engraxou o corpo.

SALOMÉ: Vino... Empoderarse e retar ao noso señor.

*Volven facer a sinal da cruz.*

RAQUEL: Se..., se...

SALOMÉ: Se..., se..., que.

RAQUEL: Ofrecemos media ducia de misas a San..., san... Que santo é o patrón dos Tolos.

*Salomé sacando un libro do peto..., empeza a mirar.*

SALOMÉ: San Benito José Labre.

RAQUEL: *Coa boca aberta...*Ese quen é.

SALOMÉ: Nin idea, pono aquí na paxina cincuenta. viviu moitos anos marxinado. Tentou entrar en varios mosteiros, pero os monxes negáronllo tres veces, porque non crían que realmente recibise a chamada de Dios e porque lles preocupaban a súa falta de estabilidade e a súa disposición a vagar polo mundo. Por esta razón, sempre foi considerado un excéntrico e pasou a maior parte da súa vida viaxando como peregrino, ao que se refire a denominación de " vagabundo de Dios". Moitos cristiáns que sofren de trastornos mentais ou emocionais que senten incapaces de integrarse na sociedade, invocan a San Benito José Labre para sacar consolo emocional. Se desexas pedirlle a este Santo que interceda por un dos teus seres queridos que sofre de enfermidades da mente humana.

RAQUEL: Eu son máis dos santos de andar pola casa. A ese media ducia de misas vanlle ser moitas. Busca outro, un da contorna. Meterlle no peto a un estranxeiro, non é de moi bo ver.

SALOMÉ: Tan lista es. Dime ti.

*Raquel colle a Salomé do ombro e leva de cara unha esquina. Mira a un lado e a outro.*

RAQUEL: Deixémolo no San Benitiño. Foi ermitaño aquí ao lado.

SALOMÉ: *Separándose de Raquel.* Toleaches, ese cura ás verrugas. Se o ofrecemos, noso señor é capaz de mandarlle un mal de ollo.

RAQUEL: Ofrecémoslle o dobre de misas..., e meterlle no peto ao longo do ano. Veras como non se lle ocorre mal algún. Os cartiños para o caixón, ninguén lle pon mala cara.

*Salomé queda pensando, nin se move...*

SALOMÉ: Unhas cantas, sementadas na cara, non lle quedarían mal, estaría que nin pintado.

RAQUEL: Desterra malos pensamentos, queres escoitar pola contorna, mira..., as irmáns do...

*Queda pensando..., Salomé faille acenos coa man para que siga.*

SALOMÉ: Queres acabar.

RAQUEL: Só de pensalo danme calafríos. A xente fuxindo del como unapestado.

SALOMÉ: Dende cando tes mágoa.

RAQUEL: *Apoiando a cabeza no ombro de Salomé...* Noso señor ben o di. Non terás malos pensamentos.

*Salomé separase botándose a rir. Vai de cara a outra veira...*

SALOMÉ: Con que me ves..., tes remordementos de conciencia. *Indo de cara Raquel de novo. Cóllelle unha orela...* Pona a funcionar e non perdas detalle.

*Raquel asente coa cabeza.*

SALOMÉ: Estas disposta que esa saca acabe nas mans de calquera lagarta.

*Raquel nega coa cabeza.*

SALOMÉ: Gustaríache que teu irmán acabe nunha desas illas, onde o pecado corre no aire.

*Raquel volve negar. Salomé dándolle un azoute, apartase de Raquel*

SALOMÉ: Esperta dese mal sono.

RAQUEL: Canta sabedoría neses beizos, ás veces déixome levar pola compaixón.

SALOMÉ: Deixa de soñar bolboreta. As zorras esperan tralo balado.

*Raquel empeza a sinal da cruz.*

RAQUEL: Confesaraste tan pronto chegue Don...

SALOMÉ: *Interrompéndoa.* Déixate de confesiões. *Cunha man sinala a saca e coa outra o ceo.* Ten que ascender ao reino.

RAQUEL: Como pensas facelo.

SALOMÉ: Minguáronche os miolos... Esmola..., esmola e máis esmola, ata que estea baleira.

*Raquel vai de cara Salomé dálle un bico na meixela.*

RAQUEL: Se non estas, o diaño pódeme. Non ten intre de descanso. Metido no recuncho escuro espera calado coma a morte, súa oportunidade.

*A escena queda en silencio... Salomé mira a Raquel detidamente. Vai de cara ela..., volve darlle un azoute.*

SALOMÉ: Diaño..., metido no corpo. Veña collámola antes de que volte.

RAQUEL: Nas nosas mans está. *Mira a un lado...* Non hai lobos por aquí

SALOMÉ: Nin por acolá. *Mira..*

*Dan media volta...*

RAQUEL-SALOMÉ: I mos.

*Non se decatan da chegada de Mateo que as escoita...*

MATEO: A onde...

*Raquel e Salomé dan a volta de cara Mateo..., quedan mirando. Salomé empeza a dar voltas pola escena botando ás mans a cabeza. Para pon a cabeza sobre o ombro de Raquel.*

SALOMÉ: O diaño en persoa.

RAQUEL: Onde.

SALOMÉ: *Xirándolle a cabeza.* Diante túa.

*Mateo ao ver que o miran. Empeza a mirarse de arriba abaixo.*

MATEO: Algo que mirar, miñas donas.

SALOMÉ: *Empeza andar...* Nada.

*Raquel ao ver a Salomé, fai o mesmo...*

RAQUEL: Mala hora que naciches...

*Ás dúas saen.*

#### ESCENA IV

MATEO: Cría irmáns, terás moitas máis, por non xurar. O que se traen entre ás mans solo o saben elas. *Ergue a mirada..., sinala co dedo.* E ti. Non estarás metido na metamorfose destas. Iso espero. Se así fose, ás verbas poden cambiar de ton.

*Da media volta vai de cara a cadeira..., colle a saca..., ábrea, empeza a mirar.*

MATEO: A primeira vista todo en orde.

*Colga do brazo como para pesala.*

MATEO: Boa pesada. Non falta un. Se así fose, este brazo estaría falándome a orella.

*Deixa a saca no chan e ergue da cadeira..., da dous pasos, detense. Da media volta e recóllea, pona nas costas.*

MATEO: Nas miñas costas, estarás mellor. *Mira de cara arriba.* Borra malas tentacións.

Sae

### **03 Hilo de Seda**

*Ao pouco volven Salomé e Raquel..., antes de entrar miran a un lado e a outro.*

RAQUEL: Adiante o Boi non está.

SALOMÉ: Mira ben ese é dos bravos, esconde e logo enviste.

RAQUEL: Nada.

*Empezan andar no bico dos pes.*

VOZZ OFF MATEO:*Berrando...* Alguén me chaomou boi...!!!

*Raquel e Salomé detéñense, botan un berro...*

RAQUEL-SALOMÉ: Ahhhhhh...!!!

SALOMÉ: *Polo baixo, facendo a burla...* O boi non está..., o boi non está.

RAQUEL: Velo por algures...

SALOMÉ: Lisquemos..., antes de que saia.

*Ás dúas empezan andar de cara atrás no bico dos pes... Raquel detense.*

SALOMÉ: Que fas.

RAQUEL: *Sinalando a cadeira.* A saca non está.

SALOMÉ: Empezas a delirar. Non te deteñas e anda.

RAQUEL: Desapareceu.

SALOMÉ: Quita, o medo faiche ter visións.

*Salomé aparta a Raquel co brazo e colocase diante...*

SALOMÉ: Non está.

RAQUEL: *Facendo a burla...* O medo faiche delirar..., o medo faiche delirar.

*Escoitase toser.*

SALOME: Cala..., non escoitas xemer.

RAQUEL: *Volve repetir...*, O medo faiche delirar.

SALOMÉ: *Dando media volta...* Anda...

*Raquel da media volta... pónense andar... chega Mateo de novo coa saca nas costas.*

MATEO: Ás irmáns..., máis queridas que teño.

*Ao escoitalo ás dúas detéñense e dan a volta...*

SALOMÉ: Que saiba son ás que tes.

RAQUEL: Ao mellor o vello fixo algunha a maiores e non sabemos nada dela. Se tes novas podes compartilas con nos.

SALOMÉ: *Polo baixo...* Cala, mellor non sabelo. Senón tocamos a menos.

RAQUEL: Razón non che falta.

*Mateo vai de cara a cadeira, senta, deixa a saca no chan de novo. Raquel e Salomé ao vela botan un sorriso. Limpan o suor da fronte.*

RAQUEL: Bo susto levei, pensei que alguén se nos anticipara.

SALOMÉ: Nin que o xures.

MATEO: Falades comigo.

*Raquel e Salomé miran ás unllas.*

RAQUEL-SALOMÉ: Non.

MATEO: Cada día escoito peor.

RAQUEL: Non teño a menor dúbida.

SALOMÉ: Iso ven de familia, que recorde, o vello pasáballe o mesmo.

*Antes de que Mateo diga algo, Salomé séntaselle no colo. Faille acenos coa man a Raquel para que se arrime a saca.*

SALOMÉ: *Polo baixo...* Non perdas tempo..., mete a man, saca o que poidas dunha vez.

RAQUEL: Como.

SALOMÉ: Como que como. Coa man. Eles solos non saen.

MATEO: Que dis.

SALOMÉ: *Facéndolle caricias...* Non sexas avaro.

MATEO: Avaro

*Segue facéndolle acenos coa man a Raquel*

SALOMÉ: Si avaro... A avaricia é ese desexo desordenado que tes de posuír máis do que necesitas. *Tocándolle co dedo a fronte...* Un grao de alteración mental, está relacionado coa incapacidade que tes de controlar a reformulación de desexos no momento que eliminaches á necesidades. Un pozo sen fondo que te esgota, nun esforzo interminable de satisfacer a necesidade sen alcanzar nunca a satisfacción. Este termo é un pecado capital e utilízalo para buscar a vosa riqueza material excesiva, ou para crítica imperiosa que sentides de sentirvos por encima dos demais.

*A escena queda en silencio. Cando Raquel case ten a man dentro da saca... Mateo ergue de golpe deixando caer de golpe a Salomé... Raquel co susto apartase. Mateo vai de cara o outro lado queda pensando..., mentres ás irmáns o miran inmóbiles*

RAQUEL: A Salomé... Trastornaches. De onde sacaches o sermón.

SALOMÉ: Do catecismo do padre Astete.

RAQUEL: Que facemos.

SALOMÉ: *Sinalando a saca...* Collela e a lume de carozo. Coa mesma metémonos na igrexa..., deixámola na sacristía. Non tera valor para recollela.

RAQUEL: Como saberá o cura que fomos nos.

SALOMÉ: Mandámoslle unha nota logo, o importante é, que o diñeiro chegue canto antes a igrexa.

*Revolven..., mírana detidamente..., cando están a piques de tirarse enriba dela Mateo da media volta..., As dúas quedan paralizadas...*

MATEO: Esta ben..., non discutamos máis.

*Ao escoitar isto, xíranse cun sorriso na boca..., erguen de vagar..., van de cara Mateo. Cando o intentan abrazar, este abre camiño polo medio das dúas vai a outra esquina pensando. Ás dúas irmáns míranse abrindo os brazos... Non entenden o que pasa.*

MATEO: Fixen unha profunda reflexión sobre o que acabo de escoitar. Removéronseme as entretelas.

*Raquel é Salomé danse co cóbado..., esperan atentas...*

RAQUEL: *Indo de cara Mateo..., cólleo polo brazo...*A avaricia é o desexo incontrolable e desordenado por acumular bens, riquezas ou obxectos de valor, máis aló das necesidades mínimas da supervivencia, coa única intención de atesoralos para un mesmo. Considérase, por tanto, unha forma de egoísmo, máis ou menos equivalente á cobiza. É posible comprender a avaricia desde unha perspectiva secular e psicolóxica, ou tamén desde unha mirada relixiosa e cultural, pero en ambos os casos o termo posúe unha connotación negativa vinculada ao desexo insaciable por ter, algo que estaba xa presente na súa orixe, dado que provén do latín avere, “desexar” ou “ansiar”.

#### **04 Palomitas de Maiz**

*Mateo queda pensando... Raquel déixao solo, vai xunto a Salomé..., ás dúas arriman cara con cara cun sorriso esperando unha resposta de Mateo. Mateo mira ao ceo, mira a saca e mira ao público. Mateo abre a boca para decir algo... Salomé e Raquel fregan ás mans*

#### **ESCENA V**

MATEO: *Sinalando co dedo o ceo...* Telas ben ensinadas, por non dicir adestradas. Unha vida con elas, traballando de sol a sol coma un..., un..., xabarín. Sen resultado aparente... Ben..., vantaxe túa. Retírome debo pensar.

*Mateo empeza andar, a saca no chan... Salomé e Raquel mírana detidamente botando un sorriso. Fregan ás mans. Cando pensan que é súa, Mateo detense, da media volta a recolle e bota ao ombro.*

MATEO: *Botando un sorriso...* Aquí esta o díaño.

*Sae..., Salomé e Raquel fan a sinal da cruz.*

RAQUEL: Estará posuído...

SALOMÉ: *Dando voltas pola escena...* Esperta do teu sono..., este non o posúe nin..., nin..., nin...

RAQUEL: Acaba.

SALOMÉ: Que sei... *pondo os dedos en cruz.* O díaño.

*A escena queda en silencio , Raquel e Salomé pensan detidamente...*

RAQUEL: *Baixando os brazos...Desisto..., a veciñanza dáme igual o que diga. Se non hai, non hai.*

*Salomé vai de cara Raquel, empeza a abaneala.*

SALOMÉ: Dos Torres non fala ninguén. Entraremos na igrexa ben erguidas, cabeza moi alta.

RAQUEL: Cando chegue o momento da esmola..., por non dicir que miran ao chegar se metemos algo no peto do santo Antonio. Os vexo ao saír falando de orella a orella... Baixaremos a cabeza e volveremos para casa coma dúas miserables.

*Salomé empeza a andar pola escena coa cabeza baixa ante a mirada de Raquel... Detense..., vai de cara o fondo colle unha saca pequena da misa.*

SALOMÉ: Está

RAQUEL: O que.

SALOMÉ: Mira e atende.

RAQUEL: Son todo ollos, non teño claro que vas conseguir coa iso. A non ser que queiras multiplicar como Xesús os pans e peixes.

SALOMÉ: Desconfiada..., atende e verás.

*Salomé baixa o patio e empeza a pedir esmola.*

SALOMÉ: Unha esmola..., esmola para Deus...

*Volve...*

RAQUEL: Sacaches algo.

SALOMÉ: Nada.

RAQUEL: *Cravando ás unllas na man.* A estes sáenlle ás unllas polo outro lado da man, do agarrados que son.

SALOMÉ: Ao noso Mateo, sacámoslle un par de cadelas de vez en cando.

RAQUEL: Déixate de cadelas..., Deus quere billetes.

*Raquel tirando a saca a un lado.*

SALOMÉ: Deixemos os choros e poñamos remedio canto antes. Se agora mesmo nos chega a nosa hora..., cando cheguemos San Pedro sinalará co dedo o inferno.

RAQUEL: Non.

*Empeza a facer a sinal da cruz pola escena. Salomé para coas mans*

SALOMÉ. Esta queda. Presinándote non pos remedio. Fagamos un retiro, deus nos acompañará e aconsellará.

RAQUEL: Ah non..., non teño pensado flaxelarme nin cousas polo estilo. O sado non vai comigo.

*Que empezou andar para irse da media volta..., vai de cara ela...*

SALOMÉ: Toleaches..., ou o vicio entrou no teu corpo.

RAQUEL: De que falas.

SALOMÉ: Auga bendita..., incenso..., para purificar este pecadento corpo.

*Raquel a mira coa boca aberta...*

